



GRUPO MUNICIPAL

ORZAMENTO DO CONCELLO, 2016

LUÍS REI NUÑEZ, Portavoz do Grupo Municipal de MAREA PONTEVEDRA, presenta diante do Pleno do Concello de Pontevedra a seguinte

EMENDAS AO PROXECTO DE ORZAMENTO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O orzamento non é un documento contable neutro. Moi ao contrario, é o instrumento de intervención política máis importante con que conta unha administración. A Memoria da alcaldía é unha declaración política de primeira orde, e as contas deixan ao descuberto a orientación política que hai detrás dun goberno. Como se inviste, e onde se inviste? Cales son as prioridades e a que sectores sociais se pretende protexer? Apóstase polo sector público ou se privatizan e manteñen privatizados os servizos básicos? Que nivel de transparencia e participación hai tras as contas? Son algunhas das cuestións que deixan ao descuberto uns orzamentos municipais.

A Memoria da alcaldía do proxecto de Orzamento para 2016, declaración política do goberno municipal, non aborda os problemas reais de Pontevedra: nin o paro, nin a pobreza, nin a falta de transporte público, nin os graves problemas ambientais, nin, por suposto, as deficiencias que causa ter a maioría dos servizos privatizados.

Esta Memoria da alcaldía é un documento rutineiro para xustificar un Orzamento continuista que dedica a maior parte das súas escasas nove páxinas ao auto-bombo e a utilizar partidariamente unha serie de distincións por distintos motivos recibidas no último ano. As contas son en primeiro lugar, comparando coas contas de exercicios anteriores, rutineiramente reincidentes. Consígnanse 71.915.000 euros como ingresos por todos os conceptos, e unha cifra absolutamente simétrica, outros 71.915.000 euros, como gastos totais.

Tres son os grandes capítulos: Persoal, cunha previsión de 20.749.176 euros (28,80 por cento dos orzamentos); Investimentos, cunha previsión de 11.063.128 euros (15,40 por cento dos mesmos), e Gastos, cunha previsión de 31.587.395 euros. Entran aquí, ademais de partidas derivadas de mala xestión, como a débeda acumulada con Sogama, todos os servizos públicos privatizados a grandes empresas con sede fiscal fóra de Pontevedra e de Galicia. A longa enumeración inclúe o ciclo da auga (Viaqua-

Agbar), para o que hai consignados 5.879.796 euros, a Recollida do lixo (Cespa-Ferrovial), con outros 5.846.411 euros, o Mantemento de xardíns (Cespa-Ferrovial) con 613.750 euros, o Guindastre (Setex Aparky) con 561.421 euros, e o Servizo de Axuda no Fogar (Clece-Florentino Pérez) 854.000 euros.

Retrata ben a alma do goberno do Bloque a partida nomeada “Emerxencia social”, de soamente 135.000 euros (supón menos do 0,2 por cento).

Nun concello que segundo o Indicador de Exclusión Social e Pobreza (ARPE, nas siglas en inglés) conta con 17.087 persoas en risco/situación de exclusión, non parece gran cousa. Sobre todo, cando só para gastos de representación do goberno se reservan 119.000 euros (é dicir, dez mil euros ao mes). Ou cando a adquisición de prensa come outros 126.900 euros (é dicir, cen mil xornais). Ou cando para publicidade, propagandas, divulgacións e difusións diversas se destinan máis de 750.000 euros.

De igual xeito, queda retratado o ánimo do goberno no feito de non destinar nin unha soa partida concreta á promoción de emprego nunha cidade que encabeza a clasificación da Galicia urbana no crecemento do desemprego (18 por cento de perda de emprego no período 2009-2014) e que conta coa maior taxa de paro das nosas cidades (28 por cento) e coa segunda taxa menor de ocupación, tras de Ferrol.

Desde MAREA PONTEVEDRA non cuestionamos os avances alcanzados, e premiados, en recuperación de espazos para as persoas ou en pacificación do tráfico rodado. Agora ben, ninguén ignora como se pode xestionar a consecución de determinados galardóns (senón, pregúnteselle a ENCE, que acaba de recibir o premio da UE ao compromiso ambiental). Tampouco podemos obviar que a maior parte deses galardóns ten que ver coa xestión do primeiro mandato (1999-2003) do actual goberno.

Fronte a estes orzamentos, que apenas se diferenciarían dos que podería presentar un goberno de dereitas, MAREA PONTEVEDRA propón **oito grandes compromisos e catro grandes plans:**

1. COMPROMISO COAS PERSOAS MAIS DESFAVORECIDOS: EMERXENCIA E EMPREGO.
2. COMPROMISO LOCAL COA LOITA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO
3. COMPROMISO COA MOBILIDADE: TRANSPORTE PÚBLICO
4. COMPROMISO COA REMUNICIPALIZACIÓN DOS SERVIZOS
5. COMPROMISO SOCIAL DO CONCELLO: COMPRA PÚBLICA RESPONSABLE
6. COMPROMISO COA DEMOCRACIA E A TRANSPARENCIA: ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS
7. COMPROMISO CUNHA FISCALIDADE PROGRESIVA E XUSTA
8. COMPROMISO COS SERES VIVOS: CIDADE AMIGA DOS ANIMAIS

OITO COMPROMISOS (EMENDA A TOTALIDADE)

1.- COMPROMISO COAS PERSOAS MAIS DESFAVORECIDAS: EMERXENCIA E EMPREGO

As circunstancias socioeconómicas dunha considerable porcentaxe da poboación de Pontevedra, xa residan no ámbito urbano como no rural, son de pobreza, entendida como a falta de recursos económicos para acceder a bens e servizos básicos. A pobreza fai que non sexan quen de poder satisfacer as necesidades básicas de primeira orde: alimentación, vestimenta, facturas de luz e da auga, recibos da hipoteca ou do alugueiro, materiais escolares...

As persoas sen recursos atópanse nunha situación de especial vulnerabilidade social, e iso xéralles inseguridade e indefensión nas súas condicións de vida e dificultades no manexo de recursos e estratexias para afrontar o que están vivindo. De aí a importancia da administración local, como entidade pública de amparo e salvagarda da cidadanía.

O actual modelo de Benestar Social require que o concello potencie a súa actual estrutura de asistencia, promoción da autonomía das persoas e empoderamento social, ampliando tanto en orzamentos sociais, en gasto social como nos equipos técnicos que na actualidade ven limitadas as súas posibilidades de intervención.

Faise necesario un **Plan de Emerxencia digno de tal nome, dotado con 520.000 euros.**

Dado o elevadísimo índice de paro que se rexistra no noso concello, con 7.335 demandantes de emprego en outubro (segundo datos da Xunta de Galicia) faise necesario intervir dun xeito máis activo na materia, cun **Plan Estratéxico de Emprego e Desenvolvemento Social dotado con 1.425.000 euros.** Destinaríanse a impulsar a economía social e a pequena empresa, coa reactivación do pequeno comercio nucleado arredor do Mercado, canda os proxectos de Economía Social).

Este plan debe incluír un *Programa para o relanzamento do Mercado de Abastos*, para que actúe como o foco revitalizador da Zona Monumental que nunca debeu deixar de ser, axudando a combater o seu abandono arquitectónico (con máis do 50 por cento dos seus 704 edificios pendentes de rehabilitación e un 20 por cento das 1.695 vivendas desocupadas), a revertir a súa desertización residencial (só dous mil veciños en abril de 2015) e a ampliar o seu actual monocultivo comercial (hostalería).

2.- COMPROMISO LOCAL NA LOITA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO

Xa ninguén nega que os impactos afectan e afectarán irremediabilmente á dispoñibilidade de auga, á degradación da terra, á seguridade alimentaria, á extensión de enfermidades e á perda da biodiversidade. Iso levará aparellado o aumento en frecuencia e intensidade dos fenómenos meteorolóxicos extremos, como vagas de frío/calor, asolagamentos, secas, tormentas, furacáns e un longo etcétera. O impacto do furacán Sandy nas illas caribeñas e na costa occidental de EEUU é un exemplo máis, visibilizado por afectar a unha das nacións máis industrializadas e por tanto máis culpables do cambio climático.

As estimacións máis optimistas do último informe do IPCC (2007) situaban a suba nas

medias de temperatura para o presente século entre 1,8 e 4 graos

A loita contra o cambio climático é e debe ser unha loita global e colaborativa, na que se impliquen todas as nacións e administracións. Mais esta loita global ten que sustentarse en iniciativas máis locais. É dicir, trátase dunha loita que comeza no fogar e remata na ONU.

MAREA PONTEVEDRA propón que o Concello elabore un Plan Estratéxico de Loita e Adaptación ao cambio climático integrando os seus obxectivos nas políticas e proxectos municipais.

3.- COMPROMISO COA MOBILIDADE: TRANSPORTE PÚBLICO

Queremos continuar desenvolvendo un modelo de Mobilidade que inclúa medidas de pacificación do tránsito e restrición do uso do vehículo privado. En paralelo, faise necesario programar un deseño de transporte público que cubra a mobilidade entre o centro da cidade e as parroquias, e das parroquias entre si.

Sería un dos eixos prioritarios da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sustentable Integrada do Concello (DUSI), no proxecto de Pontevedra para os fondos FEDER do período 2014-2020,

Conectar as parroquias

Un concello de 83 mil habitantes debe ofrecer un transporte urbano público, universal e sostible (TPUS). Isto faise máis evidente se a comarca da que é cabeceira rolda entre os **120-140 mil habitantes**. O uso da camiñada, a bicicleta, a bicicleta eléctrica ou os taxis non cobren satisfactoriamente traxectos de máis de 2 quilómetros urbanos.

Centro Intermodal: autobús e tren

O Concello estudará con ADIF e a Xunta (Dirección Xeral de Mobilidade) a posibilidade de establecer unhas oficinas que realmente informen tanto dos horarios de trens coma dos de autobuses nas dúas xanelas. Ademais, instará ás concesionarias de buses a imprimir folletos de man e diseminar a información por todas as canles axeitadas (tamén as virtuais).

Accesibilidade nas dependencias públicas e nas empresas privadas

O avance que en temas de accesibilidade tivo o concello de Pontevedra require de avanzar na materia pendente: o acceso universal a locais públicos e privados. Faise necesaria unha ordenanza de accesibilidade acompañada dunha campaña de sensibilización.

4.- COMPROMISO COA REMUNICIPALIZACIÓN DOS SERVIZOS

O concello debe **preparar técnica e xuridicamente a transición** para, cando en 2017 rematen os contratos da Auga e do Lixo, recuperar ou promover a xestión directa e pública de ambos os dous servizos (a auga ten agora 89 empregos, e o lixo 117, para os que se buscarían fórmulas de subrogación). E a seguir faríase o mesmo co Guindastre, cuxo contrato remata a finais de 2019.

No exercicio de 2016 remata o contrato do servizo de Axuda no Fogar (con Clece). De ser o caso, asúmese unha prórroga temporal que se utilizaría para crear unha empresa pública mixta ou para promover desde o concello unha cooperativa social que asuma o servizo.

5. COMPROMISO SOCIAL DO CONCELLO: COMPRA PÚBLICA RESPONSABLE

A Compra Pública Responsable nas Administracións Públicas define a aplicación dun conxunto de parámetros sociais, ambientais e éticos na execución dos orzamentos públicos, para a adquisición e para o consumo de bens e servizos polas distintas Administracións Públicas. A Compra Pública Responsable susténtase na Compra Pública Ética, na Compra e no Consumo Público Sustentable e na Compra Pública Social.

En conxunto, a aplicación da Compra Pública Responsable **prima** criterios éticos relativos ao cumprimento de convencións internacionais e estándares sobre condicións laborais, como no caso dos produtos de comercio xusto; **desenvolve** modelos de consumo máis respectuosos co ambiente, minimizando o impacto ambiental do consumo municipal e contribuíndo a mellorar a calidade de vida a través do predominio de criterios ambientais; **incide** na calidade do emprego, na perspectiva de xénero e na contratación de persoas con discapacidade ou na inserción nos bens e servizos contratados polas administracións; **e introduce** o apoio ás empresas de economía social, entendidas como aquelas empresas que contan con procesos de xestión democráticos e participativos, que priman as persoas e o traballo sobre o capital na repartición das rendas e teñen como finalidade o servizo aos seus membros e á colectividade antes que o lucro.

A Compra Pública Responsable debe xurdir do compromiso das administracións de xestionar os orzamentos públicos da forma máis eficiente, de tal xeito que sexa comprometido e exemplarizante na implantación de políticas éticas, sociais e ambientais. As súas accións deben ser lexitimadoras da mensaxe que as administracións queren trasladarlle á sociedade e tamén constitúen un apoio implícito ao sector privado comprometido e socialmente responsable, no que debe producir un efecto de arrastre nos hábitos de consumo das empresas e da cidadanía.

A Compra Pública Responsable constitúe a consecución dos obxectivos estratéxicos da administración pública de potenciar proxectos de interese comunitario co diñeiro de toda a cidadanía, baixo criterios de rendibilidade, responsabilidade e solidariedade.

A nova *Lei de Contratos do Sector Público* (Lei 30/2007), en vigor desde o 1 de maio de 2008, amplía as posibilidades para a introdución da Compra Pública Responsable establecida pola *Directiva europea 2004/18/CE sobre a coordinación dos procedementos de adxudicación dos contratos públicos de obras, subministracións e servizos*, converténdose nunha ferramenta importante para a aplicación de criterios de consumo responsable nas administracións públicas galegas.

O Concello de Pontevedra comprométese a incorporar nos pregos de contratas ou subcontratas de obras ou servizos criterios de compromiso ético e ambiental.

6.- COMPROMISO COA DEMOCRACIA E A TRANSPARENCIA: ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS

Un dos capítulos máis importantes é o de Investimentos, cunha contía de 11.124.028 euros.

O Concello comprométese a ser máis preciso en posteriores orzamentos na concreción de epígrafes como “Mellora de accesibilidade rural” ou “Mellora de accesibilidade urbana”, ou “Rede de sumidoiros”, por unha obriga de transparencia e de boas practicas democráticas

Abrirase unha liña de **Orzamento Participativo, destinando o dez por cento dos investimentos** ás obras que escolla directamente a veciñanza a través de procedementos decididos de xeito consensuado no seo da corporación.

7.- COMPROMISO CUNHA FISCALIDADE PROGRESIVA E XUSTA

O concello comprométese a preparar coa vista posta no Orzamento do 2017 unha revisión das ordenanzas fiscais en profundidade.

Non se trata dunha baixada xeneralizada de tributos e taxas, que reduciría a recadación e, por tanto, os recursos necesarios para abordar políticas útiles para os de abaixo. Ben ao contrario, trátase de asegurar **unha fiscalidade máis xusta e progresiva**, con rebaixa ou exención solidaria para as familias sen recursos ou para as persoas pensionistas que vivan soas e teñan rendas inferiores ao Salario Mínimo (no IBI e mais en taxas como o abastecemento de auga ou a recollida do lixo).

Estas medidas virían acompañadas dunha actualización do IBI e do IAE para as empresas de maior tamaño e para as rendas máis elevadas, e unha penalización polas vivendas desocupadas (os bancos acumularon nos anos da crise un parque considerable de vivendas adquiridas por execucións hipotecarias). Aos bancos, ademais, se lles incrementará a taxa polos caixeiros (os 641 euros anuais que pagan agora non parece unha suma xusta).

8.- COMPROMISO COS SERES VIVOS: CIDADE AMIGA DOS ANIMAIS

A decisión da Deputación de Pontevedra de suprimir todas as subvencións aos espectáculos taurinos é un paso decisivo que o concello de Pontevedra debe continuar.

O concello de Pontevedra adquiriu o que xa é o costume de asinar con esa empresa un Contrato de cesión de uso sobre a utilización da Praza de Touros para espectáculos non taurinos. En virtude dese contrato, o concello comprométese a pagarlle á devandita empresa a cantidade de **48.000 euros** (IVE engadido), á parte destoutros compromisos igualmente moi vantaxosos para a empresa:

- Correr co importe dos gastos orixinados pola organización dos actos.
- Satisfacer todos os impostos, arbitrios, taxas, contribucións e tributos que graven eses actos (en particular, o canon á Sociedade Xeral de Autores de España e o IVE),
- Entregar á empresa as localidades do Palco (30, destinadas a invitacións para “atencións persoais”),
- Ceder a explotación do servizo de bares e bebidas dos espectáculos que organice o concello, que será por conta, a cargo e beneficio da propiedade da praza.

A empresa, ademais, resérvase o dereito a bloquear, por dereito exclusivo e preferente, as datas da primeira quincena de agosto nas que organiza as corridas de touros da Feira da Peregrina.

Pola súa banda, o concello obtén, se así o solicita, a cesión da praza para actividades nas festividades de Reis, Entroido, Feira Franca, Festas de verán e Ruta Cabalar. Na

práctica, o uso principal que o concello lle está dando ao coso pontevedrés é nunha pequena parte do programa da Feira Franca.

O Concello de Pontevedra acorda non renovar por mais exercicios este convenio, para non deixar ningunha físgoa que permita manter o maltrato animal no concello.

CATRO PLANS (EMENDAS PARCIAIS)

PLAN DE EMERXENCIA SOCIAL

ENMENDA Nº 1: Nova partida para a creación dun plan de emerxencia social por importe de 520.000 euros.

Proposta: Transformación da partida de Emerxencia Social de 135.000 mil euros nun Plan de Emerxencia Social cunha dotación económica de 520.000 euros.

→ CAPÍTULO 2 Gastos correntes e bens e servizos:

ENMENDA Nº 2: Da partida da Feira Franca, epígrafe 09/5381/22609, de 145.000 euros réstase a cantidade de 48.000 euros do Convenio da Praza de Touros e pasa ao Plan de Emerxencia.

ENMENDA Nº 3: Da partida de Contrato de mantemento de parques infantis, epígrafe 10/1710/22711, de 40.000 euros réstanse 32.000 euros.

ENMENDA Nº 4: Da partida Adquisición de prensa e libros, epígrafe 10/1710/22001, de 10.300 euros réstanse 5.000 euros.

ENMENDA Nº 5: Da partida Adquisición de prensa e libros, epígrafe 09/3341/22001, de 13.000 euros, réstanse 5.000 euros.

ENMENDA Nº 6: Da partida Adquisición de prensa e libros, epígrafe 03/9120/22001, de 50.000 euros, réstanse 40.000 euros.

ENMENDA Nº 7: Da partida Adquisición de prensa e libros, epígrafe 03/9200/22001, de 40.000 euros, réstanse 30.000 euros.

ENMENDA Nº 8: Da partida Divulgación de actividades, epígrafe 01/9200/22602, de 220.000 euros, réstanse 115.000 euros.

ENMENDA Nº 9: Da partida de publicidade e propaganda CIM, epígrafe 12/2311/22602, réstase 20.000 euros.

→ CAPÍTULO 6 Inversións reais

ENMENDA Nº 10: Da partida Parque infantil de Campolongo e outros, epígrafe 10/1710/61903, de 150.000 euros, réstanse 30.000 euros.

ENMENDA Nº 11: Da partida xardíns e zonas verdes, epígrafe 10/1710/61902, de 300.000 euros, réstanse 60.000 euros.

PARTIDAS NOVAS:

ENMENDA Nº 12: Na partida de Emerxencia social, epígrafe 12/2310/22608, de 135.000 euros, incrementalala en 85.000 euros, alcanzando un total de 220.000 euros.

ENMENDA Nº 13: Creación nunha nova partida de primeira ocupación nas vivendas de Valdecorvos con un importe de 50.000 euros.

ENMENDA Nº 14: Na partida de Servizo de Axuda no Fogar, epígrafe 12/2314/22712, de 804.000 euros, incrementalala en 100.000 euros, facendo un total de 904.000 euros.

ENMENDA Nº 15: Na partida de Programa de Benestar Social Municipal, epígrafe 12/2310/22699, de 81.758,80 euros, incrementalala en 100.000 euros, facendo un total de 181.758,80 euros.

ENMENDA Nº 16: Na partida do Servizo de teleasistencia, epígrafe 12/2314/22713, de 4.000 euros, incrementalala en 20.000 euros, facendo un total de 24.000 euros.

ENMENDA Nº 17: Creación dunha nova partida para a Casa Azul con un importe de 30.000 euros.

ENMENDA Nº 18: Destinar a partida de Outras asistencia técnicas, epígrafe 12/2310/22710, de 40.000 euros a poñer en marcha o plan de igualdade municipal (desenvolvendo a linea estretéxica de violencias machistas).

PLAN ESTRATÉXICO POLO EMPREGO

ENMENDA Nº 19: Nova partida para a creación dun plan estratéxico polo emprego concibido para o apoio á pequena empresa e á economía social por importe de 1.425.000 euros, mantendo a partida co epígrafe 08/2410/48100, de 200.000 euros, co mesmo o uso actual.

→ CAPÍTULO 1: Gastos de persoal:

ENMENDA Nº 20: Da partida retribución de altos cargos (dedicacións exclusivas), epígrafe 01/9120/10000, de 723.443,75 euros, réstanse 150.000 euros.

ENMENDA Nº 21: Da partida de Direccións Xerais elimínanse as tres de nova creación, cun aforro de 165.000 euros

→ CAPITULO 2: Gastos correntes en bens e servizos:

ENMENDA Nº 22: Da partida de gastos de representación dos órganos de goberno, epígrafe 01/9120/22601, de 119.000 euros, réstanse 60.000 euros.

→ CAPÍTULO 6: Inversións reais

ENMENDA Nº 23: Da partida de mellora da accesibilidade urbana, epígrafe 10/1533/61972, de 1.170.000 euros, réstanse 350.000 euros.

ENMENDA Nº 24: Da partida de instalacións deportivas, epígrafe 05/3420/61900, de 1.700.000 euros, réstanse 350.000 euros.

PARTIDAS NOVAS:

EMENDA Nº 25: Habilitar unha partida específica de axuda a creación de empresas de base tecnolóxica, dotada con 400.000 euros.

EMENDA Nº 26: Crear unha partida de fomento da economía social e solidaria (cooperativismo, emprendemento, etc), dotada con 440.000 euros.

EMENDA Nº 27: Poñer en marcha un Plan de dinamización do Mercado de Abastos, dotado con 500.000 euros.

PLAN DE XESTIÓN PÚBLICA DOS SERVIZOS

→ CAPITULO 2: Gastos correntes en bens e servizos:

ENMENDA Nº 28: Da partida de publicidade, epígrafe 01/9120/22602, de 145.000 euros, réstanse 75.000 euros.

ENMENDA Nº 29: Da partida de difusión de actividades e proxectos, epígrafe 15/1510/22602, de 58.500 euros, réstanse 20.000 euros.

ENMENDA Nº 30: Da partida de publicidade e difusión de proxectos, epígrafe 10/1530/22602, de 79.000 euros, réstanse 40.000 euros.

→ CAPÍTULO 6: Inversións reais

ENMENDA Nº 31: Da partida de Composteiros, colectores e recollida selectiva, epígrafe 10/1621/62501, de 130.000 euros, réstanse 65.000 euros.

PARTIDAS NOVAS:

ENMENDA Nº 32: Crear nova partida para a elaboración de estudo de remunicipalización do servizo de recollida de lixo, cun importe de 20.000 euros.

ENMENDA Nº 33: Crear nova partida para a elaboración de estudo de remunicipalización do servizo de auga, cun importe de 20.000 euros.

ENMENDA Nº 34: Crear nova partida para a elaboración de estudo de remunicipalización do servizo de guindastre, cun importe de 20.000 euros.

ENMENDA Nº 35: Crear nova partida para a elaboración de estudo de remunicipalización do servizo de xardíns, cun importe de 20.000 euros.

ENMENDA Nº 36: Crear unha nova partida para un estudo de viabilidade dunha rede municipal de transporte público e mobilidade urbana e rural, interconectando as parroquias do rural e o centro urbano, cun importe de 30.000 euros.

PLAN PARA O ORZAMENTO PARTICIPATIVO

→ CAPÍTULO 6: Inversións reais

ENMENDA Nº 37: Da partida de melloras da accesibilidade rural, epígrafe 10/1534/61971, de 1.400.000 euros, propoñemos que o destino deses cartos se decida a través dun proceso de consulta e participación da cidadanía, que priorizará as necesidades e os investimentos.

OUTRAS ENMENDAS:

ENMENDA Nº 38: Na partida de obras centros escolares, epígrafe 05/3230/63200, de 50.000 euros, incrementala en 32.500 euros ata chegar a un total de 82.500 euros, obtidos do capítulo 4: transferencias correntes, na partida no 05/3261/48090, achega: Universidade de Vigo-escola de moda, de 65.000 euros, réstanse 32.500 euros.

ENMENDA Nº 39: Incrementar no capítulo 7 de transferencia de capital, epígrafe 10/4412/77200 a subvención para a adaptación de taxis, de 10.000 euros, en 10.000 euros máis, facendo un total de 20.000 euros.

ENMENDA Nº 40: Habilitar unha partida nova de 10.000 euros para completar a falta de servizo de comedor social de San Francisco nos domingos e festivos relixiosos.

ENMENDA Nº 41: Habilitar unha partida nova de 40.000 euros para levar a cabo as obras de reforma e mellora do entorno na Praza da Castaña.

Pontevedra, 28.11.2015

Portavoz do Grupo Municipal de Marea Pontevedra

Luís Rei Núñez